

Informe sobre as variacións dos Índices de prezos de consumo

Datos correspondentes a xullo de 2026


Data de publicación: 13/08/2026

Principais resultados

- En xullo de 2026, o índice xeral rexistrou un crecemento interanual do 4,1% en Galicia.
- A taxa de variación mensual do índice foi do 0,5%.
- A taxa interanual da inflación subxacente foi dun 3,3%.

Índice xeral e subxacente. Galicia

Unidade: Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE. Índices de precios de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>.

1 O IPC do mes de xullo de 2026

O IPC de Galicia aumentou o 4,1% en taxa interanual, cinco décimas máis que en España (3,6%). Respecto a xuño, os prezos aumentaron o 0,5% en Galicia, dúas décimas máis que no conxunto de España (0,3%).

IPC xeral

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
Galicia	0,5	3,1	4,1
España	0,3	2,6	3,6

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de:
<https://www.ine.es/>.

A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 3,3%, tres décimas máis que a nivel estatal (3%).

2 Variacións intermensuais

En variación intermensuais, os grupos con maior incremento dos prezos en Galicia foron "Transporte" (2,8%), "Actividades recreativas, deporte e cultura" (2,3%) e "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (2,2%).

En senso contrario, "Vestido e calzado" (-10,1%) rexistra a maior baixada.

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación mensual (%)

Grupo ECOICOP ver.2	Galicia	España
Índice xeral	0,5	0,3
Alimentos e bebidas non alcohólicas	-0,6	-0,7
Bebidas alcohólicas e tabaco	-0,2	-0,2
Vestido e calzado	-10,1	-10,2
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	2,2	1,6
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	-0,2	-0,3
Sanidade	0,1	0,0
Transporte	2,8	2,3
Información e comunicacións	0,4	0,4
Actividades recreativas, deporte e cultura	2,3	2,3
Ensino	0,1	0,0
Restaurantes e servizos de aloxamento	1,1	0,3
Seguros e servizos financeiros	0,1	0,1
Coidado persoal, protección social, e bens e servizos diversos	-0,3	-0,3

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

3 Variacións interanuais

En todos os grupos aumentan os prezos respecto ao mesmo mes do ano anterior agás en "Vestido e calzado" (-1,3%). As maiores subidas rexístranse en "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (8%) e "Transporte" (7,2%).

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación anual (%)

Grupo ECOICOP ver.2	Galicia	España
Índice xeral	4,1	3,6
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,7	1,6
Bebidas alcohólicas e tabaco	2,4	2,9
Vestido e calzado	-1,3	-2,2
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	8,0	5,7
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	1,9	1,4
Sanidade	2,1	1,9
Transporte	7,2	6,2
Información e comunicacións	2,2	2,1
Actividades recreativas, deporte e cultura	2,9	2,1
Ensino	2,9	2,5
Restaurantes e servizos de aloxamento	4,0	4,9
Seguros e servizos financeiros	3,6	3,3
Coidado persoal, protección social, e bens e servizos diversos	2,8	3,2

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

4 Información por provincias

En relación cos índices provinciais, a taxa de variación mensual dos prezos variou entre o 0,3% de Lugo e o 0,7% de A Coruña.

En variación interanual, as taxas movéronse entre o 3,6% de Lugo e o 4,2% da Coruña e Pontevedra.

IPC xeral por provincias

Unidade: Taxa de variación (%)

Provincia	Mensual	No que vai de ano	Anual
A Coruña	0,7	3,3	4,2
Lugo	0,3	2,4	3,6
Ourense	0,4	2,9	4,0
Pontevedra	0,5	3,1	4,2
Galicia	0,5	3,1	4,1

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

5 Información por comunidades e cidades autónomas

Respecto ao mes anterior, o maior incremento rexístrase na Comunidade Foral de Navarra (0,9%).

En termos de inflación interanual, Cantabria (4,3%) e Galicia (4,1%) rexistran as taxas máis altas.

IPC xeral nas comunidades e cidades autónomas

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
España	0,3	2,6	3,6
Andalucía	0,2	2,3	3,3
Aragón	0,3	2,4	3,2
Asturias (Principado de)	0,6	2,7	3,1
Baleares, Illas	0,8	3,9	3,9
Canarias	0,0	2,1	3,4
Cantabria	0,7	3,0	4,3
Castela e León	0,4	2,7	3,8
Castela-A Mancha	0,2	2,5	3,6
Cataluña	0,2	2,8	3,5
Comunidade Valenciana	0,4	2,7	3,5
Estremadura	0,2	2,2	3,0
Galicia	0,5	3,1	4,1
Madrid, Comunidade de	0,2	2,1	3,9
Murcia, Rexión de	0,4	2,6	3,7
Navarra, Comunidade Foral de	0,9	3,0	3,4
País Vasco	0,3	2,9	3,7
Rioxa, A	0,2	2,1	3,2
Ceuta	0,0	1,8	2,7
Melilla	0,4	2,5	3,8

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

6 Previsións

O valor previsto para a variación interanual do índice xeral de Galicia era do 3,3% no mes de xullo de 2026, oito décimas inferior ao valor acadado polo índice. Na inflación subxacente, a predición (2,9%) foi catro décimas inferior ao valor finalmente observado (3,3%).

Avaliación das previsións do mes de xullo. Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual		Anual	
	Observada	Predición	Observada	Predición
Índice xeral	0,5	-0,3	4,1	3,3
Inflación subxacente	0,1	-0,3	3,3	2,9
Alimentos sen elaboración	-1,0	-0,1	4,4	5,3
Alimentos elaborados	-0,3	-0,1	1,9	2,2
Bens industriais sen produtos enerxéticos	-2,0	-2,2	1,1	0,9
Produtos enerxéticos	5,3	0,1	11,0	5,5
Servizos	1,2	0,4	4,6	3,8

Fonte: IGE.

A predición para o mes de agosto de 2026 do IPC xeral en Galicia é dunha taxa interanual do 4,5%, superior en catro décimas á rexistrada en xullo. A predición sobre o mes anterior é dunha taxa do 0,6%.

Previsións para o mes de agosto. Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual	Anual
Índice xeral	0,6	4,5
Inflación subxacente	0,4	3,3
Alimentos sen elaboración	-0,4	6,0
Alimentos elaborados	0,1	1,7
Bens industriais sen produtos enerxéticos	0,0	1,2
Produtos enerxéticos	2,8	14,3
Servizos	0,7	4,5

Fonte: IGE. Informe sobre as variacións dos índices de prezos de consumo ([descarga da táboa](#)).

7 Notas metodolóxicas

A predición do IPC xeral baséase na desagregación do mesmo en cinco compoñentes: alimentos non elaborados, alimentos elaborados, bens industriais sen produtos enerxéticos, produtos enerxéticos e servizos.

Para cada un dos compoñentes realízase unha modelización univariante, agás para os combustibles e carburantes (un dos compoñentes de produtos enerxéticos) onde se contrasta a súa evolución cos prezos do cru nos mercados internacionais e cos prezos dos combustibles e da electricidade a través de modelos BVAR.

Nos índices referidos ao mes de xaneiro de 2026 implántase a base 2025, na que se introduce a nova clasificación internacional de consumo, ECOICOP ver.2.